Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 5 DE DECEMBRO DE 2025 | VIERNES, 5 DE DICIEMBRE DE 2025 | BOP NÚMERO 234

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MAZARICOS

Aprobación da lista cobratoria do prezo público polo Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2025

EDICTO

Por resolución da Alcaldía de data 01.12.2025 aprobouse a lista cobratoria do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubro de 2025 e as liquidacións integrantes da mesma.

A efectos da súa notificación colectiva, publícase este edicto para o seu xeral coñecemento en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

Período voluntario. De conformidade co artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, establécese o seguinte prazo para o pago en período voluntario:

Inicio	Fin
02.12.2025	22.12.2025

Forma de pago. Con carácter xeral, o pagamento efectuarase mediante cargo na conta bancaria designada polas persoas obrigadas.

Exposición. A lista cobratoria e as liquidacións integrantes desta permanecerán expostas ao público nas dependencias municipais durante o prazo de pago en período voluntario.

Recursos. Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, que se regula no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co artigo 108 da Lei 7/1985 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ao da finalización do período de pago voluntario, ante o mesmo órgano que ditou o acto.

Pola súa banda contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición referido, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria, cando esta sexa formulada de forma expresa, ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data en que o referido recurso de reposición deba entenderse desestimado de forma presunta, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, con arranxo ao sinalado nos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Mazaricos, 2 de decembro de 2025

O Alcalde,

Juan José Blanco Riveiro

2025/8102

Número de anuncio 2025/8102